

PREGUNTA DE AER SOBRE A VARIOS ASUNTOS (Rex. Entrada 30.05.2018, 2018-E-RE-711).

PLENO 07 XUÑO 2018. ACTA 08/2018

O Sr. Javier Bastos dá lectura das seguintes preguntas:

3. Sobre toponimia parroquias de Redondela

No pleno de decembro formulouse o seguinte rogo:

O Concello de Redondela elaborara no seu día uns estudos sobre a toponimia de diversas parroquias. Esta actividade considerámola de grande importancia para recompilar, conservar e mesmo recuperar a toponimia e microtoponimia dos diferentes lugares de cada parroquia, quedando como un importante legado dos valores inmateriais da parroquia de cara ás xeracións vindeiras. Desafortunadamente estes traballos paráronse e non se seguía con esta labor ata cubrir a totalidade das parroquias. Tal vez a elaboración do PXOM estea detrás desta situación, esperando equivocadamente que neste documento se recolla esa información dos lugares das parroquia.

Dende AER consideramos que non é suficiente coa información que se poida recompilar nun PXOM pois toda aquela microtoponimia nunca se vería reflectida e a que poida aparecer, non viría asociada cunha delimitación coidadosa nin cun estudo asociado a esa denominación ou topónimo.

Tamén dende AER botamos en falla que os estudos xa existentes non se poñan de xeito sinxelo a disposición de tódala veciñanza de Redondela, aproveitando a grande potencialidade da web oficial do Concello de Redondela.

ROGAMOS que se retomen os traballos sobre toponimia nas parroquias de Redondela onde non se teñan realizado xa, aproveitando as posibles axudas específicas que saian ao respecto, e que estes estudos sexan postos a disposición da veciñanza a través da páxina web do concello no apartado do departamento de Cultura.

*Polo anterior, preguntamos: **realizaron algún traballo adicional sobre toponimia nas parroquias ou teñen intención de realizar estudos territoriais da toponimia en cada unha das parroquias que non conten con este? Colgáronse na nova páxina web do Concello os estudos de toponimia existentes para a súa difusión e coñecemento pola veciñanza e persoas interesadas na materia?***

Resposta Sr. González Barbeiro: non fixemos ningún traballo adicional porque no anterior goberno a finais de 2010 e principios de 2011 fixéronse traballos de toponimia en todo o Concello e a consecuencia foi un novo rueiro.